



RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado definitivo de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos por motivos de saúde, reguladas pola Orde do 30 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 9 de maio).

De conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 30 de abril de 2007 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e a petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 9, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 25 de xaneiro de 2012 (DOG do 8 de febreiro)

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o listado definitivo de solicitudes de comisión de servizos por motivos de saúde declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Aprobar o listado definitivo de solicitudes declaradas excluídas.

Terceiro. Ordenar a publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, do listado definitivo de solicitudes de comisión de servizos por motivos de saúde declaradas procedentes e improcedentes, así como do listado definitivo de solicitudes declaradas excluídas.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

